

ROGO DE AER SOBRE AS PODAS SALVAXES DO ARBORADO URBANO. (Rex. Entrada 05.09.2017, 2017-E-RPLN-2).

PLENO 06 NOVIEMBRE 2017. ACTA 09/2017

Son habituais nos últimos anos as podas drásticas das árbores caducifolias neste concello. Estas árbores, ao non ter follas no inverno deixan pasar o sol, e no verán, ao estar provistos de follaxe, protexen do mesmo. Entendemos que esta característica é o que fai habitual a plantación deste tipo de árbores nos espazos públicos. Con estas podas salvaxes o que se consegue é que no verán a sombra que dan sexa escasa xa que a copa da árbore é incapaz de acadar o desenvolvemento necesario. Esta circunstancia pode observarse cada verán, entre outros, no parque infantil da alameda que provoca que pola tarde, en vez de ser un espazo de lecer para as crianzas, se converta nun auténtico forno. Estas cortas violentas danan en demasía ás árbores. Facer un demoucado (cortar o tronco principal) ou un terciario (quitar a terceira parte das polas ou dous terzos segundo distintas escolas de xardinería) é practicamente destrozar a árbore. Nunha árbore normal o que habería que facer é quitar as pólas que están secas ou enfermas e, practicamente, deixalo expresarse de xeito normal. Cos cortes o único que se fai son unhas feridas moi grandes polas que entran virus e fungos e ao cabo do tempo terase unha árbore podre, que ao primeiro vento perderá pólas ou caerá. Algún caso de caídas de árbores xa temos vivido en Redondela, ademais de observar dende hai tempo diversos exemplares na Alameda bastante debilitados polas podas salvaxes ás que foron sometidas durante anos. Outra cuestión importante é a época de poda, que na maioría dos casos non se axusta aos momentos máis idóneos para a especie, podándose en numerosas ocasións ben avanzada a primavera, momento en que a árbore xa debera estar cos brotes das novas follas. Así pois, rogamos que as podas, de ser necesarias, se fagan na época adecuada, e sexan podas de limpeza e non auténticos demouques; e se teña especial coidado en manter a sombra nos parques infantís, paseos urbanos e zonas de parques e aparcamentos das praias e áreas de paseo e ocio ao aire libre.”

O alcalde: toma nota